



FÁLAME DA EMIGRACIÓN. O VALOR DA EXPERIENCIA

Material didáctico

As migracións contemporáneas en Galicia

//Afundación

Obra Social ABANCA

A emigración é un dos elementos que forxa a historia e a identidade galegas nos séculos XIX e XX; é unha peza fundamental para comprender o noso presente e entender a realidade galega, española, europea e global.

Hai galegos e galegas en case cen países do mundo. Entre o século XIX e o XX abandonaron Galicia **máis de dous millóns de emigrantes camiño de América, Europa, Australia e outros lugares de España** na

procura dun futuro mellor. Para entender a dimensión deste fenómeno debemos ter en conta que a poboación actual de Galicia é de 2,7 millóns de habitantes. Durante este período, Galicia situouse entre os lugares do mundo con maior emigración xunto a países coma Irlanda ou Italia. Hai dúas grandes etapas na emigración galega: a emigración a América de finais do século XIX e a Europa na segunda metade do XX.



Pacheco, *Despedida de emigrantes, porto de Vigo, cara a 1915*

América e as razóns históricas da emigración galega (1880-1930)

A economía agraria baseada nun sistema medieval de propiedade da terra e o crecemento da poboación foron as causas principais do éxodo

Crecedemento demográfico

Galicia experimentou durante o século XIX un período de crecemento demográfico. En 1898 tiña unha taxa de natalidade do 32 ‰ e unha mortalidade do 26 ‰; porén, un crecemento vexetativo do 6 ‰, do cal case a metade se perdía no fluxo migratorio, cunha taxa de 2,90 ‰. O crecemento da poboación galega se asemellaba ao doutros países de Europa, mais a intensidade da emigración en Galicia era moi superior debido ao sistema de propiedade da terra.

Os foros e a desamortización

No século XIX continuaba vixente en Galicia o **sistema foral** xerado no medievo. A Igrexa era a gran propietaria da terra a través dos mosteiros, e cedíalles aos labregos o dereito a cultivala e habitar as casas a cambio dunha renda: unha parte da colleita en especie (trigo, centeo, viño...), prestación de servizos ou cobro en metálico. Este contrato adoitaba durar varias xeracións ou incluso ser imperecedeiro. Ademais, no século XVI a fidalguía comezou a actuar de intermediaria entre os labregos e o clero. Lucrábase conseguindo a concesión dos foros por parte da Igrexa e subarrendándolles a terra aos labregos multiplicándolles o prezo.



Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Razones*, 1915, técnica mixta sobre papel, 33 x 19,5 cm, Colección de Arte Afundación

«¿Por qué quieres marcharte a Buenos-Aires? ¿No tenemos pan en el horno, cuanto quieras, a Dios gracias?»

Os gobernos liberais do século XIX con intención modernizadora promulgaron leis de **desamortización** dos bens da Igrexa e de abolición dos señoríos, coa fin de mellorar a agricultura e permitir o acceso á propiedade da terra por parte do campesiñado. Mais as condicións de acceso para os labregos foron moi restritivas, e finalmente a maioría dos bens desamortizados foron poxados en lotes grandes, polo que

só a pequena nobreza provincial, fidalgos, a nova burguesía urbana adiñeirada e algunhas poucas familias de labregos ricos puideron adquirir a terra. Así, seguiron vivindo de rendas os que non traballaban a terra directamente, é dicir que o foro sobreviviu á desamortización.

Isto retrasou a innovación e condenou a economía de Galicia a unha agricultura de subsistencia baseada en pequenas explotacións para o autoconsumo, sen desenvolvemento do mercado e cunha débil industrialización. Ata 1926 non se redimiron a meirande parte dos foros, e aínda na actualidade seguen vixentes máis de trescentos arrendamentos históricos.

Nun contexto de crecemento demográfico e cun 90 % de poboación rural, esta

situación económica foi o detonante para que miles de labregos abandonasen a terra: **a emigración xurdiu como a resposta ao desequilibrio entre a poboación e os recursos.**

Facer as Américas

No último terzo do XIX comezaron as partidas masivas a América. Primeiro emigraban os que podían pagar o importe da pasaxe ou se endebedaban para facelo (maioritariamente homes), e unha vez que estaban asentados no país de destino e tiñan algúns aforros, chamaban as mulleres e os fillos. Estas redes de familia informaban sobre as posibilidades de traballo e salarios nas cidades americanas e mandaban chamar outras persoas. Así foi como emigraron aldeas enteras.



Ángel Blanco, *Equipaxes para A Habana*, porto da Coruña, 1925, arquivo Blanco

A mellora nas condicións de **transporte** e a introdución do vapor desde 1870, abaratou o custo das pasaxes. Houbo tamén propaganda fomentada polas compañías transatlánticas e os gobernos latinoamericanos. Brasil e Arxentina, por exemplo, chegaron a ofrecer pasaxes gratuítas a cambio de establecerse alí. Nesta época apareceron os chamados axentes de emigración ou emigrantes gancho.

Miles de galegos e galegas embarcaron desde os portos de Vigo e A Coruña. En 1913 saíron de Vigo 733 transatlánticos, chegando a partir 6 barcos ao día. Só desde este porto marcharon máis de corenta mil emigrantes nese ano, a maioría camiño a Arxentina.

Mais a emigración non se explica sen **factores de atracción** nos países de destino e sen expectativas de mellora. A abolición da escravitude en toda América e a substitución do seu traballo polo de forza asalariada nun momento de expansión do comercio internacional, con incremento da demanda de produtos agrarios ultramarinos (algodón, caucho, café, azucre, chocolate...), creou gran demanda de man de obra no outro lado do Atlántico.

O crecemento dos países de acollida tamén empregou moitos emigrantes no sector dos servizos urbanos e no comercio ao por menor, que foi o punto de partida para que algúns emprendedores fixesen fortuna converténdose en empresarios. Moitos destes galegos e galegas foron os pioneiros na creación de círculos, sociedades e asociacións de ámbito galego que apoiaron aqueles compatrio-

tas con menos sorte na aventura da emigración. Promoveron a cultura de Galicia, preocupándose tamén polo benestar dos seus paisanos na súa terra nai, financiando material agrícola, a creación de escolas, a construción de estradas, etc.



Arriba: Arxentina, comedor do Hotel de Emigrantes no porto de Buenos Aires, EFE

Abaixo: Centro Galego da Habana

A emigración na segunda metade do século xx (1940-1970)

Rematada a segunda guerra mundial, Europa foi o destino preferente da emigración nos anos sesenta, para abastecer de man de obra a industria e os servizos

Grazas aos aforros chegados de América, no primeiro terzo do século xx desapareceu definitivamente a fidalguía e xurdiu un novo campesiñado de pequenos propietarios que ao pouco se converteron en gandeiros, e Galicia adquiriu unha certa especialización na produción de carne. Á súa vez foise desenvolvendo unha pequena revolución industrial vinculada ás conservas e á explotación dos recursos mariños, especialmente na cidade de Vigo.



Jorge Castillo, *New York*, 1988, óleo sobre lenzo, 92 x 73 cm, Colección de Arte Afundación

Pouco despois, a guerra civil e a longa posguerra, xunto á segunda guerra mundial, supuxeron unha década de illamento político. A autarquía do réxime franquista mantivo as fronteiras practicamente pechadas nunha situación de estancamento económico e comercial que provocou anos de fame. Como consecuencia, nos anos cincuenta comezou unha nova diáspora que permitiu aliviar a presión demográfica, primeiro a Venezuela e México e despois a Europa.

As migracións dirixidas a Europa foron moi intensas entre 1960 e 1973. Tiveron como destinos prioritarios Francia, a República Federal de Alemaña, Bélxica, Suíza e Reino Unido, para ocupar postos de traballo no sector industrial, na construción, na minaría, na hostalaría e nos servizos. Esta emigración contribuíu decisivamente á reconstrución de Europa tras a segunda guerra mundial e posibilitou un formidable desenvolvemento económico. Tamén houbo migracións **ás zonas de España máis desenvolvidas:** Cataluña, País Vasco e Madrid, a onde marcharon aproximadamente oitenta mil persoas entre 1960 e 1980. Outros destinos frecuentes deste período foron **Canadá, EE. UU. e Australia.**

Dado o escaso desenvolvemento industrial de Galicia nesta época, a nosa comunidade especializouse en exportar man de obra barata para abastecer o forte crecemento industrial do norte de Europa. A ditadura de Franco favoreceu a saída de España a partir dos anos sesenta, unha especie de emigración oficial, na que se chegou a acordos bilaterais con outros países para regular os fluxos migratorios.

A emigración da guerra, o exilio

A emigración en Galicia non só tivo causas económicas, tamén houbo migracións motivadas por guerras ou para fuxir do servizo militar

As levas e os quintos

Ademais das causas socioeconómicas e demográficas, tamén temos un pasado migratorio por causas sociopolíticas. Xa a mediados do século XIX hai constancia da chegada a Cuba de poboación galega para unirse ao exército colonial. **As levas**, o recrutamento forzoso que levaba os mozos á guerra, aumentou tras os continuos levantamentos independentistas desde 1868 e cando estoupou definitivamente o conflito en 1895. As obrigas militares na España do século XIX esixían a permanencia no exército durante oito anos dos denominados quintos, porque un de cada cinco mozos eran chamados a servir.

En 1885 promulgouse unha lei de recrutamento no exército, só evitable en caso de pago dunha cantidade de diñeiro que moitos non podían afrontar, e provocou que numerosos mozos se lanzasen á emigración americana para fuxir do servizo militar. A porcentaxe de prófugos incrementouse no período da guerra de África entre 1907 e 1927.

O exilio republicano

Mais o grande exilio español por causas políticas estaba por chegar, entre 1936 e 1939, durante a **guerra civil**. No transcurso dos tres primeiros meses de 1939 medio millón de españois cruzaban extenuados a fronteira con Francia obrigados a fuxir polo medo á represión e ás consecuencias da contenda. En xullo de 1939 a escritora e profesora de

universidade María de Villarino publicaba na revista *Arxentina Sur* a súa visión, en primeira persoa, da chegada dos refuxiados españois a Francia en febreiro de 1939.

A mañá está inmensamente fría. Nevou a noite anterior [...] a estrada que leva desde Perpiñán á fronteira de España [...] e encontrámonos en Le Boulou [...] abandonados e entumecidos, miles de seres pasaron a noite alí, á intemperie en terra estranxeira [...]. Están mudos de espanto, de padecemento e de fame [...].

Unha vez en Francia, os refuxiados españois foron recibidos con desconfianza e agrupados en campos de concentración á intemperie. Calcúlase que as terribles condicións destes campos lles custaron a vida a máis de quince mil persoas. Os destinos dos exiliados foron diversos, uns, repatriados e outros quedaron en Francia ou viaxaron a Arxelia.

Estímase que 3000 nenos foron enviados á URSS só, e moitos países de América, sensibles á situación dos refuxiados, recibiron solidariamente gran número deles. Calcúlase que México acolleu 20.000, mais tamén Venezuela, Chile, Cuba ou EE. UU. recibiron exiliados. Os menos afortunados acabaron en campos de concentración alemáns en plena segunda guerra mundial.

En 1956, conmemorando os cen anos do Banquete de Conxo, celebrouse en Buenos Aires o 1º Congreso da Emigración Galega, co fin de unir a diversidade de colectivos de galegos espallados por América e coa pretensión de lexitimar o Consello de Galiza como Goberno galego no exilio. Obviamente o congreso contou coa presenza de intelectuais e políticos republicanos.

A repercusión da emigración en Galicia nos séculos XIX e XX

Ademais da repercusión económica xeral do fenómeno, o retorno de moitos emigrantes á terra supuxo melloras para a súa contorna, polo que a emigración tivo tamén unha notable pegada cultural, tanto en Galicia como nos lugares de destino

A emigración supuxo unha sangría demográfica, unha importante perda de poboación activa e xente nova, un fenómeno que Rosalía de Castro deixou reflectido no seu universo poético a través da expresión «viúvas dos vivos», aquelas mulleres que viron partir os seus homes á emigración ficando soas á fronte da familia e das terras. En Galicia quedaban aldeas enteiras habitadas só por mulleres, anciáns e nenos. Non obstante, a emigración tamén tivo efectos positivos:

- O **aforro** e o envío de remesas de diñeiro aos familiares que quedaban en Galicia fixo posible o pagamento de débedas e a adquisición de gando.
- Redención de rendas forais e **acceso á propiedade das terras** e casas por parte dos labregos.
- **Modernización técnica das explotacións agrarias** e investimento na adquisición de maquinaria, gando, sementes...
- **Construción de escolas.** A filantropía dos indianos e das sociedades da emigración financiou de xeito altruísta a construción de escolas; hai 317 catalogadas por toda Galicia.

- Asimilación cultural, **enriquecemento mutuo** e intercambio. Temos unha mostra das influencias caribeñas e dos ritmos latinos na música popular galega, que incorporou xéneros como a rumba nas formas propias, ou na introdución das habaneiras.
- En **arquitectura**, apareceron mansións con novos modelos construtivos e novas formas decorativas, implantando en parques e xardíns especies arbóreas como palmeiras e araucarias, que se converteron en emblemáticas das **casas de indianos**.
- Formación da **identidade cultural** na emigración. As sociedades galegas no exterior déronlle un enorme impulso



Teatro García Barbón en Vigo, na actualidade, Teatro Afundación

ao sentimento galeguista, sendo moi frutífera a produción cultural da emigración. O himno galego foi composto na Habana por Pascual Veiga, onde tivo lugar a primeira gala de interpretación en 1907; a bandeira galega ten tamén a súa orixe en Cuba, inspirada na bandeira da Comandancia Naval da Coruña que ondeaba no porto despedindo os transatlánticos cheos de emigrantes, e comezouse a utilizar por vez primeira en actos da emigración. A Real Academia Galega constituíuse por vez primeira en 1905 na Habana e o Centro Galego desta cidade acometeu a primeira edición de *Follas novas* de Rosalía de Castro.

- **Influencia política.** A emigración tivo un destacado papel no Rexurdimento, na formación do movemento rexionalista e galeguista, e en movementos políticos coma o agrarismo.
- Accións de **filantropía** nos países de

destino e en Galicia: hospitais, mutualidades, imprentas, xornais en galego e castelán, editoriais... O propio Teatro Afundación en Vigo constitúe unha obra de recuperación de patrimonio histórico e arquitectónico sobre o teatro construído por José García Barbón, que en 1844, con apenas 13 anos, emigrou a Cuba chamado por uns familiares. Na Habana creou o seu propio banco e fixo unha importante fortuna. Xunto ao emigrante e empresario Policarpo Sanz fundou a Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia e o Centro Galego da Habana. Ao seu retorno a Galicia, como mecenas, construíu o teatro, que se inaugurou en 1927, e a Escola de Artes e Oficios de Vigo.

- A emigración europea dos anos sesenta devolveu a Galicia **grandes fluxos de capital** en forma de remesas, que permitiron financiar o crecemento económico e o desenvolvemento de Galicia.



Castelao, *Regreso del indiano*, 1918, Colección de Arte Afundación

Emigrantes e inmigrantes na actualidade

No século XXI a crise provocou unha nova vaga migratoria de menor intensidade

Desde a última década do século XX Galicia converteuse en receptora de inmigración. En 2014 o 3,6 % da poboación residente en Galicia tiña nacionalidade estranxeira, 98.245 persoas, das cales o 40,6 % pertencen á UE-28. Os grupos máis numerosos son portugueses (18.694) e romaneses (9200). Entre os estranxeiros extracomunitarios, os cidadáns de América do Sur suman 29.565 persoas. Destacan os grupos de brasileiros (8189) e colombianos (5676). A presenza de poboación inmigrante é inferior á media do resto de España, onde hai 5.023.487 de persoas de nacionalidade estranxeira, que representan o 10 % da poboación.

Malia todo, a crise provocou un recunque da emigración, e en 2013 saíron de Galicia un total de 18.790 galegos e galegas con destino a outra comunidade autónoma (un 3 % menos que en 2012) e 11.739 fixérono ao estranxeiro (un 18,7 % máis que en 2012). Pero actualmente Galicia ten un saldo migratorio negativo: en 2014 marcharon 30.154 persoas e chegaron 27.875 procedentes do resto de España ou do estranxeiro, o que sitúa o saldo migratorio externo en -2279 persoas. A tendencia é de retorno das persoas estranxeiras residentes en Galicia aos seus países de orixe e de saída da poboación galega.

Esta nova vaga migratoria componse na súa maior parte por xente moza con destino preferente a Europa, mais desta volta trátase xa dunha mocidade formada que

busca perfeccionar o seu coñecemento de idiomas ou un mellor futuro profesional noutros países, dadas as escasas expectativas en Galicia. En total, a 1 de xaneiro de 2015, contábanse 493.970 galegos censados no exterior.

Poboación galega residente no estranxeiro en 2015

Galicia **493.970**

Europa

103.812

Suíza	39.567
Francia	18.649
Alemaña	16.485
Reino Unido	12.882
Portugal	3.863
Países Baixos	2.976
Bélxica	2.812
Andorra	2.398

África

951

América

386.372

Arxentina	168.263
Venezuela	46.882
Brasil	46.217
Uruguai	40.505
Cuba	36.414
EE. UU.	17.678
México	12.445
Chile	3.907
Panamá	3.477
Rep. Dominicana	2.345
Canadá	2.173

Oceanía


1.748

Asia


1.087

INE. Padrón residentes no estranxeiro.

Poboación de nacionalidade estranxeira en Galicia



Poboación de nacionalidade española censada en Galicia e residente no estranxeiro



//Afundación

Obra Social ABANCA

Sede Afundación A Coruña
Cantón Grande, 8
981 180 065



Material baixo licencia de Creative Commons Recoñecemento-NonComercial 4.0 Internacional



A túa opinión conta!
afundacion.org